

Unidade 11. A planificación

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

Gramática

1. Escribe os grupos de palabras que sexan oracións.

Os veleiros navegan pola ría.

A rapaza reboluda.

Xoán e Pedro

Vós ides á festa.

2 Le a viñeta e contesta.



- Quen xoga co can? _____
- Que fai o neno da gorra? _____

3 Completa os cadros coas seguintes oracións.

- Alba e Laura fan sempre as tarefas.
- Eles viron o Circo do Sol.
- Aarón viaxou cos seus pais a Monforte.
- Ela abre a porta do roupeiro.

Quen realiza a acción? SUXEITO

Que acción realiza? PREDICADO

4 Escribe un predicado axeitado para cada un destes suxeitos.

- Eu ⇒ _____
- Nós ⇒ _____
- O león ⇒ _____

Unidade 11. A planificación

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

Ortografía

1. Divide en sílabas as seguintes palabras.

Estrela ⇒/...../.....

Bolígrafo ⇒/...../.....

Carro ⇒/...../.....

2. Copia as palabras que aparecen divididas no texto.

Maru espiuse e puxo o pixama, entón fixouse na pulseira con forma de lagarto que Axóuxere lle regalara antes de partir. Tirouna do pulso e observou as pedras fascinantes que lle servían de ollos. De súpeto sucedeu algo inesperado. A estrela da fronte cirichou luz e lagarto cobrou vida.



3. Divide de todas as formas posibles as seguintes palabras se aparecesen ao final de liña.

• **Canciño:** _____

• **Golfiño:** _____

• **Instrumento:** _____

4. Ditado

Unidade 11. A planificación

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

Literatura

1 Le este fragmento.

Aparece en escena o Xograr Reinaldos dacabalo de Sinforoso.

CABALO SINFOROSO (*con voz de cabalo canso, entre rinchos*): Aínda falta moito para chegar, señor?

XOGRAR REINALDOS: Xa non pode faltar moito, Sinforoso.

CABALO SINFOROSO: Mirade que vou canso de andar e de cargar con vós, señor. A ver se mirades de alixeirar a mantenza...

XOGRAR REINALDOS: Non te queixes. Eu sempre fun cabaleiro de peso lixeiro e corpo gallardo.

CABALO SINFOROSO (*arfando*): Tamén eu vos fun poldro feituqueiro na corte da miña nai. E ben vedes no que vin dar...

XOGRAR REINALDOS: Dun tempo para aquí, a miña alma morre de coita, meu benquerido Sinforoso.

CABALO SINFOROSO (*cara ao público*): Non hai cousa que máis me amole que, despois disto, me chame querido. Enriba de burro apaleado...

Xosé A. NEIRA CRUZ

A noite da raíña Berenguela

Planeta & Oxford

2 Contesta.

- Cantos personaxes falan? _____
- Como se chaman? _____
- Por que Sinforoso se queixa? _____

3 Completa.

- O teatro é un xénero literario que se representa nun _____.
- Está escrito como un _____.


4 Escribe ti un diálogo entre dous personaxes. Fíxate en que despois do nome da cada personaxe hai dous puntos aos que segue o que di o personaxe.

Unidade 11. A planificación

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

Técnicas de estudo

1 Observa a seguinte pantalla.



• Que palabras clave se meteron no buscador?

• Cantas entradas aparecen na busca?

• En cal das entradas debes premer para atopar a receita da torta de queixo?

• Sobre que entrada premerías para cociñar a tenreira galega?

2. Fai ti outra busca para poder ir de turismo rural por Galicia.